

BASES DE COMPETICIÓN

1.- INTRODUCCIÓN

Os Estatutos, o Regulamento Xeral e o Regulamento disciplinario rexerán o desenvolto e organización das competicións organizadas pola Federación Galega de Baloncesto e polas súas Delegacións, coas especificacións previstas nas presentes Normas de Competición, así como as que se aproben ao efecto de forma específica para cada competición.

2.- COMPETICIÓN OFICIAIS

A Federación Galega de Baloncesto organizará na tempada 2026-2027 as seguintes competicións oficiais:

A Federación Galega de Baloncesto organizará na tempada 2026-2027 as seguintes competicións oficiais:
Copa Galicia Sénior Masculina e Feminina.
Liga 1ª División Autonómica Masculina Grupo «A»
Liga 2ª División Autonómica Masculina
Liga 3ª División Autonómica Masculina
Liga 1ª División Feminina
Liga 1ª Autonómica Feminina
Liga 2ª División Feminina
Liga Veteranas e Veteranos
Liga Galega Júnior Masculina.
Liga Júnior Masculina 2ª División.
Copa Galicia Júnior Masculina
Liga Galega Júnior Feminina
Liga Júnior Feminina 2ª División
Copa Galicia Júnior Feminina
Liga Galega Cadete Masculina
Liga Cadete Masculina –Mixta 2ª División
Copa Galicia Cadete Masculina
Liga Galega Cadete Feminina
Liga Cadete Feminina 2ª División
Copa Galicia Cadete Feminina
Liga Galega Infantil Masculina
Liga Galega Preinfantil Masculina e Feminina
Liga Infantil Masculina/mixta 2ª División
Liga Infantil Masculina/mixta 3ª División
Copa Galicia Infantil Masculina
Liga Galega Infantil Feminina

Liga Infantil Feminina 2ª División
Copa Galicia Infantil Feminina
Liga Galega Minibásquet Masculina e Feminina
Liga 2ª División Minibásquet Masculina e Feminina
Campionato local de Minibásquet e Preminibásquet
Campionato Galego de Preminibásquet
Día do Minibásquet Galego
Liga Baby Basket
Liga Sub 22 Masculina e Feminina
Ligas 3x3
Ligas FAD (Fomento da Actividade Deportiva)
Calquera outra competición organizada pola Federación Galega de Baloncesto

3.- ORGANIZACIÓN DE COMPETICIÓNS

A Federación Galega de Baloncesto organizará aquelas competicións que teñan un carácter autonómico e interautonómico.

A organización das competicións de 2ª e 3ª división corresponderalle á Delegación que designe a FGB, así como das fases zonais de Minibásquet, Preminibásquet e Baby Basket.

4.- INSCRICIÓN DUN CLUB

Para que un club ou entidade poida ser autorizado a inscribirse, por primeira vez, deberá presentar na Delegación que corresponda e no prazo debido, a seguinte documentación:

- Ficha autonómica do club, por unha soa vez.
- Fotocopia, por unha soa vez, dos estatutos aprobados pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.
- Fotocopia do CIF.

Cota Autonómica do Club

Os clubs que se adscriban a FGB deberán aboar a seguinte cota de inscrición:

Clubs de 1 a 3 equipos	46,00 € (inclúe un balón oficial)
Clubs de 4 a 8 equipos	129, 00 € (inclúe 3 balóns oficiais)
Clubs de máis de 9 equipos	211, 00 € (inclúe 5 balóns oficiais)

Na temporada que se cambie a marca do balón de xogo os clubs recibirán o dobre de balóns pola cota autonómica.

Os clubs que teñan só equipos de Mini e Premini non aboarán esta cota de inscrición. O cálculo dos datos farase cos correspondentes á temporada anterior.

O club que así o escolla poderá solicitar aboar os tramos seguintes aos que lle corresponda. Esta documentación deberá presentarse anteriormente á inscrición de calquera equipo do club. Cada vez que un club modifique a súa Xunta Directiva terá que comunicalo por escrito á FGB e á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Todos os clubs deberán ter un terreo de xogo que deberá estar dentro dos límites xeográficos da delegación á que estea adscrito.

5.- INSCRICIÓN DE EQUIPOS

5.1.- Documentación

Para que un equipo, dun club previamente inscrito, poida ser autorizado a inscribirse en competición deberá presentar a súa inscrición vía Web no prazo establecido (www.fegaba.com), para o cal daráselle un usuario e un contrasinal. Despois deberá remitir os documentos á súa delegación correspondente:

- Xustificante do ingreso bancario do depósito económico inicial ou aval bancario.

Todos os equipos deberán ter subidas a plataforma Web as licenzas cunha semana de antelación ao inicio da competición que disputen.

5.2.- Datas de inscrición:

1ª División Autonómica Masculina	29 xullo. 13:00 Horas
2ª División Autonómica Masculina	29 xullo. 13:00 Horas
3ª División Masculina	23 setembro. 13:00 Horas.
1ª Autonómica Feminina	29 xullo. 13:00 Horas
2ª División Feminina	21 setembro. 13: Horas.
Liga Galega Júnior Masculina e Feminina	29 xullo. 13:00 Horas
2ª División Júnior Masculina e Feminina	2 setembro. 13:00 Horas
Liga Galega Cadete Masculina e Feminina	29 xullo. 13:00 Horas.
2ª División Cadete Masculina-Mixta e Feminina	3 setembro. 13:00 Horas.

Liga Galega Infantil Masculina e Feminina	28 xullo. 13:00 Horas.
2ª División Infantil Masculina-mixta e Feminina	3 setembro. 13:00 Horas.
3ª División Infantil Masculina-mixta e Feminina	8 outubro. 13:00 Horas
Liga Galega Pre-Infantil Masculina-mixta e Feminina	9 setembro. 13:00 Horas
Liga Galega Minibasket Masculina-mixta e Feminina	10 setembro. 13:00 Horas
2ª Minibasket Masculina-mixta e Feminina	14 outubro. 13:00 Horas
Liga Preminibasket Masculina-mixta e Feminina	16 outubro. 13:00 Horas.

5.3.- DEPÓSITO ECONÓMICO INICIAL OU AVAL BANCARIO

Coa inscrición cada club presentará o aval bancario ou ingresará na conta da FGB, a modo de depósito inicial, as seguintes cantidades en función da súa categoría:

CATEGORÍA DO CLUB	DEPÓSITO INICIAL
Liga 1ª División Autonómica Masculina Grupo "A"	2.900,00 €
Liga 1ª División Feminina Grupo "A"	1.950,00 €
Liga 1ª División Autonómica Feminina	625,00 €
Liga 2ª División Autonómica Masculina	900,00 €
Liga 3ª División Sénior Masculina	500,00 €
Liga 2ª División Feminina	300,00 €
Liga Galega Júnior - Cadete - Infantil - Preinfantil - Mini	500,00 €
Ligas de 2ª División Júnior - Cadete – Infantil.	300,00 €
Ligas Minibásquet (Minibásquet e Preminibásquet).	200,00€
Ligas BabyBasket.	0,00€

Os clubs só terán que presentar un depósito inicial por club, que corresponderá co equipo de máxima categoría que milite na FGB. Este depósito actuará como aval e seralles devolto aos clubs á finalización da tempada oficial (como data tope o 31 de agosto), sempre que ao remate da competición non existan reclamacións pendentes ou expedientes en tramitación nos comités xurisdicionais e se cumpran os seguintes requisitos:

Todos os equipos do club finalizan a competición, sen se retirar, ou sen ser retirados pola Federación Galega. O abandono da competición levará consigo a perda parcial ou total do efectivo depositado, en función da categoría do equipo que non finaliza a competición, sen prexuízo do que determine o Comité de Competición.

Estar ao corrente nas súas obrigas de pagamento coa FGB por calquera motivo, tales como o non aboamento de dereitos de inscrición, dilixenciamento de fichas, mutualidade, sancións, non pagamento de arbitraxes, etc., tanto en competicións autonómicas como zonais e, fronte a terceiros, por resolucións emitidas polos comités xurisdicionais.

No caso de ter que executarse o depósito inicial ou aval durante a competición, o club interesado deberá depositar no transcurso dos tres días a partir da data da execución, un novo depósito inicial ou aval pola mesma cantidade establecida (se a execución fose polo seu valor total) ou ben completar o importe da garantía executada (co fin de dispoñer da totalidade do mesmo). De non cumprirse o anterior no período determinado, o equipo ou o club en cuestión pode ser descualificado da competición, sendo aplicable, nese caso, as disposicións do Regulamento Disciplinario.

5.4.- COTA DE AFILIACIÓN EQUIPOS

Para a inscrición de cada equipo abonaranse as seguintes cantidades como cota de afiliación:

CATEGORÍA DO CLUB	COTA DE AFILIACIÓN
ACB	4.080,00€
1ª FEB	1.630,00€
2ª FEB	1.122,00€
3ª FEB	765,00€
L. FEMINA BALONCESTO	1020,00€
LIGA CHALLENGE E LF'2	765,00€
1ª División Autonómica Masculina Grupo "A"	295,00€
1ª División Feminina	295,00€
1ª División Autonómica Feminina	249,00 €
Liga 2ª División Autonómica Masculina	235,00 €
Liga 3ª División Sénior Masculina	138,00 €
Liga 2ª División Feminina	138,00 €
Liga Galega Júnior e Liga Sub'22	178,00 €
Liga de 2ª División Júnior	61,00€
Liga Galega Cadete	178,00€
Liga de 2ª División Cadete	39,00 €
Liga Galega Infantil e Pre-Infantil	138,00€

Liga de 2ª e 3ª División Infantil	26,00€
Liga Galega Minibásquet	138,00€
Liga Minibásquet e Preminibásquet.	21,00€
Liga BabyBasket.	0,00€

Os clubs que participen nas competicións FEB estarán exentos do pagamento dos dereitos de inscrición de todos os seus demais equipos NON SÉNIOR, no resto das categorías FGB.

O 50% dos dereitos de inscrición dos equipos de categorías FEB subvencionarán os equipos galegos que acudan a disputar as Fases Finais dos Campionatos de España Júnior, Cadete e Infantil Masculino e Feminino fóra da nosa Comunidade Autónoma. As cantidades a subvencionar decidiranse a criterio do Comité de Actividades da FGB.

6.- CATEGORÍAS

Para a temporada 2026/27 as categorías ás que corresponde un xogador en función do ano do seu nacemento son as seguintes:

CATEGORÍA	AÑO NACIMIENTO
SÉNIOR	2008 e anteriores
JÚNIOR	2009-2010
CADETE	2011-2012
INFANTIL	2013-2014
MINIBÁSQUET	2015-2016
PREMINIBÁSQUET	2017-2018
BABYBASQUET	2019-2021
LIGA VETERAN@S	1991 e anteriores

7.- COTAS DE DILIXENCIAMENTO DE LICENZAS

Cota de Vinculación.

Para a vinculación de equipos de dous clubs deberá aboarse a cantidade de 127,00 €.

Para o dilixenciamento das licenzas teranse que aboar os seguintes dereitos:

1ª DIVISIÓN MASCULINA E 1ª DIVISIÓN FEMININA	COTA DILIXENCIAMENTO
XOGADOR	72,00€
ADESTRADOR	132,00€
DELEGADOS	72,00€

2ª DIVISIÓN MASCULINA E 1ª AUTONÓMICA FEMININA	COTA DILIXENCIAMENTO
XOGADOR	42,00€
ADESTRADOR	52,00€
DELEGADOS	42,00€

2ª DIVISIÓN FEMININA E 3ª DIVISIÓN MASCULINA	COTA DILIXENCIAMENTO
XOGADOR	32,00€
ADESTRADOR	37,00€
DELEGADOS	32,00€

LIGA VETERAN@S FEMININA E MASCULINA	COTA DILIXENCIAMENTO
XOGADOR	16,00€
ADESTRADOR	16,00€
DELEGADOS	16,00€

CATEGORÍA JÚNIOR FEMININA E MASCULINA	COTA DILIXENCIAMENTO
XOGADOR	29,00€
ADESTRADOR	37,00€
DELEGADOS	29,00€

CATEGORÍA CADETE FEMININA E MASCULINA	COTA DILIXENCIAMENTO
XOGADOR	6,00€
ADESTRADOR	11,00€
DELEGADOS	6,00€

CATEGORÍA INFANTIL FEMININA E MASCULINA	COTA DILIXENCIAMENTO
XOGADOR	6,00€
ADESTRADOR	11,00€
DELEGADOS	6,00€

CATEGORÍA MINIBÁSQUET FEMININA E MASCULINA	COTA DILIXENCIAMENTO
XOGADOR	6,00€
ADESTRADOR	11,00€
DELEGADOS	6,00€

CATEGORÍA PREMINIBÁSQUET E BABY BASQUET FEMININA E MASCULINA	COTA DILIXENCIAMENTO
XOGADOR	0,00€
ADESTRADOR	0,00€
DELEGADOS	0,00€

No caso dos xogadores/as preminis que non sexan asegurados/as polo plan Xogade, o custo do seguro deportivo será o estipulado no Seguro deportivo da FGB.

Tamén será obrigatorio asegurar co Seguro Deportivo da FGB a todos os xogadores/as de categoría cadete que sexan aliñados na categoría júnior ou sénior. Neste caso a FGB asumirá o custo do seguro de ata un máximo de DOUS xogador@s por equipo júnior, o resto de xogador@s deberán ser abonados polo club.

O seguro terá una carencia de CINCO días.

8.- ARBITRAXES

As arbitraxes serán autonómicas, salvo na categoría baby na que os partidos serán supervisados pola figura dun “voluntario”.

Os dereitos de arbitraje, gastos de desprazamento e dietas de árbitros e oficiais de mesa (cando procedan) serán por conta do equipo local. Exceptuaranse os supostos de petición de arbitraje non local nos cales o club solicitante aboará os desprazamentos e dietas da parella arbitral así como os gastos administrativos, mentres o club local aboará os dereitos de arbitraje e os desprazamentos e dietas dos oficiais de mesa, cando procedan estes últimos.

Cando o árbitro ou auxiliar teña que desprazarse aboarase a razón de 0,26€/km.

TARIFAS OFICIAIS

CATEGORÍA PARTIDOS	COMPETICIÓN	AMIGABLE
1ª E 2ª FEB		
LFB-Liga Challenge		
3ª FEB – LF'2		
Liga 1ª División Masculina Grupo “A”:	406,00€	200,00€
Liga 1ª División Feminina	273,00€	183,00€
Liga 1ª Autonómica Feminina	157,00€	96,00€
Liga 2ª División Masculina	240,00€	138,00€
Liga 3ª División Masculina	132,00€	77,00€
Liga 2ª División Feminina	118,00€	77,00€
Liga Veteran@s	73,00€	73,00€
Liga Galega Junior-Liga Sub'22	118,00€	60,00€
Liga 2ª División Júnior	104,00€	60,00€
Liga Galega Cadete	100,00€	46,00€
Liga 2ª División Cadete	90,00€	46,00€
Liga 1ª Galega Infantil e Preinfantil	87,00€	39,00€
Liga 2ª División Infantil	41,00€	30,00€
Liga Galega Minibásquet	47,00€	30,00€
Liga Galega Preminibasket	41,00€	20,00€

Minibásquet Zonal	25,00€	23,00€
Premiminibásquet	23,00€	20,00€

Nas tarifas correspondentes ás competicións oficiais vai incluído o desprazamento de árbitros e auxiliares de mesa. Pola súa banda, as tarifas relativas aos encontros amigables non inclúen o desprazamento nin as dietas de árbitros e auxiliares de mesa, tendo que aboalo no seu momento, se este se produce.

Nas competicións nas que non se indique expresamente nas súas bases, a arbitraxe será por proximidade. Se algún club solicitase arbitraxe non local deberá facelo por escrito á Federación Galega de Baloncesto con 5 días de antelación á data de celebración do encontro. A FGB remitirá ao club solicitante a liquidación definitiva dos gastos por desprazamento e dietas.

9.- TARIFAS DE DELEGADOS FEDERATIVOS E COMISARIOS DE MESA.

O club solicitante aboará a tarifa de 100,00 euros e máis os gastos de desprazamento e as dietas de delegados federativos e comisarios de mesa.

10.- DIETAS E GASTOS DE DESPRAZAMENTO DE DELEGADOS FEDERATIVOS, COMISARIOS DE MESA, DIRECTIVOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO E DO COMITÉ GALEGO DE ÁRBITROS

DIETAS	
Mediodía	36,00 €
Día completo sen aloxamento	51,00 €
Día completo con aloxamento	108,00 €
Dieta sen despraz. almorzo - cea	18,00 €

As dietas serán aplicadas unicamente cando os delegados federativos, comisarios de mesa ou directivos da FGB actúen nunha localidade distinta da sede da delegación ou comité ao que pertencen.

Nos encontros, as dietas sen desprazamento serán aplicadas a delegados federativos, comisarios de mesa cando estean designados para encontros que comece ou finalicen entre as 14,30 horas e as 15,45 horas, ou despois das 23,00 horas., salvo en encontros que

fosen aprazados e que se disputen na última xornada do calendario da competición da correspondente liga.

10.1. Dietas Comité Galego Arbitros

Percibirase unha dieta por cadrante tendo dereito sempre a de maior contía

DIETAS	
Entre 30 a 80 km (triple partido)	8,20€
Máis de 80km (i/v)	10,20€
Máis de 150 km (i/v)	15,35€
Máis de 250 km (i/v)	21,45€
Máis de 350 km (i/v)	30,65€
Máis de 450 km (i/v)	40,85€
Sen Desprazamento (rematen entre as 14:30 e as 15:45 ou posterior ás 23:00)	10,20€

11.- PROGRAMACIÓN DE SELECCIÓN GALEGAS

As datas programadas das concentracións e das propias seleccións autonómicas son incompatibles coa programación de todo tipo de competición na medida en que afecten a xogadores/as implicados da súa categoría. Unicamente poderán aprazarse, previa solicitude dos clubs implicados, aqueles encontros nos que participen xogadores seleccionables ou corpos técnicos de seleccións.

Datas previstas para esta temporada:

Categoría Minibásquet: 12/10 (xuntanza Minibasket); 01/11; 06/12; 26-27/12; 24/01; 07/02; 07/03; 14/03. Competición: 20 ó 25 Marzo.

Categoría Infantil: 06/09; 11/10; 01/11; 06/12; 21-23/12; 26-28/12.

Competición: Campionato de España Seleccións xaneiro 2027

Categoría Cadete: 27/09; 11/10; 01/11; 06/12; 21-23/12; 26/28/12

Competición: Campionato de España Seleccións xaneiro 2027

Nos meses de xullo, agosto e setembro (data a determinar) e nos meses de maio e xuño (data a determinar). Estas datas poderanse variar polo Comité de Actividades da FGB a proposta da Área Deportiva da FGB.

Estas datas establecidas para os traballos das seleccións galegas non impedirán o desenvolvemento das competicións regulares. Así mesmo, se algún equipo ten xogadores/as convocados/as coas distintas seleccións poderá solicitar o troco de data do encontro en cuestión. Nestes casos o rival deberá facilitar dito troco para unha data, como máximo, de 15 días a partir da data sinalada no calendario.

12.- HORARIO DE XOGO

12.1.- Horarios

Os encontros terán que disputarse nos seguintes horarios:

Sábados: 10:00, 12:00, 16.00, 18.00 e 20.00 horas e domingos: 10.00 e 12.00 horas e 17.00 e 19:00 horas.

Nas categorías sénior masculina e feminina para disputar os encontros no horario de sábado pola mañá o equipo local deberá ter a conformidade do equipo visitante.

Sempre que o equipo local fixe como horario de xogo as 10.00 hrs., e o equipo visitante así o requira, terá que fixarse como horario de xogo o sábado ás 12.00 hrs, 16.00 hrs., 18.00hrs. ou 20.00 hrs., e domingo 12.00 hrs., 17.00 hrs. e 19.00 hrs, sempre que o equipo que se despraza o fai dende máis de 100 km. por traxecto; e as 18.00 ou 20.00 hrs. do sábado, a as 12.00 ou 17.00, sempre que o equipo visitante se desprace máis de 150 km por traxecto.

En todos os casos previa solicitude por escrito con, polo menos, 7 días de antelación. O Comité de Actividades da FGB poderá fixar o horario das dúas derradeiras xornadas daqueles encontros que poidan influír na clasificación.

12.2.- Tarifas a aplicar para cambio de data, hora e terreo de xogo

Obxecto Modificación	Prazo Recepción	Conformidade	Cota
Data	Máis 1 mes	Si	0
Campo	Máis 1 mes	Non	0
Hora	Máis 1 mes	Non	0
Data	Entre 15 días e 1 mes	Si	0
Campo	Entre 15 días e 1 mes	Non	0
Hora	Entre 15 días e 1 mes	Si	0
Data	Entre 7 e 15 días	Si	50,00€
Campo	Entre 7 e 15 días	Non	50,00 €

Hora	Entre 7 e 15 días	Si	50,00€
------	-------------------	----	--------

O cómputo dos días de antelación de recepción das solicitudes efectuarase por días naturais e respecto a data e hora marcada no calendario para a celebración do encontro.

Excepcionalmente, o Comité de Actividades da FGB poderá autorizar algunha solicitude fóra dos prazos sinalados, sendo a tarifa establecida para estes supostos de 75,00 euros.

No caso de que a solicitude de cambio veña motivada por causas de forza maior non se repercutirá esta cota o club solicitante, sempre que acredite de xeito fidedigno dita circunstancia.

12.3.- Remisión horarios

Nas competicións de 2ª e 3ª divisións

Os horarios dos encontros de cada xornada deberán remitirse vía plataforma de xestión deportiva o martes anterior ao encontro. De non facelo, será potestade da FGB marcar o horario e o campo de xogo, sendo responsabilidade do equipo local ter o terreo de xogo libre. Así mesmo, o Comité de Actividades enviará os mércores a todos os participantes os horarios correspondentes a cada xornada.

12.4.- Outros horarios

A FGB poderá autorizar como día de xogo os luns, martes, mércores, xoves e venres entre as 18:00 h e as 22.15 h, sempre que na reunión de calendario se informe aos equipos participantes e dean a súa aprobación; no caso de non estar presentes os equipos, deberá remitirse un mail para a aceptación dos horarios dos equipos que queiran xogar entre semana, que se deberá contestar no prazo máximo de 7 días; se algún equipo non dá a súa autorización o equipo deberá xogar en horario de sábado ou domingo.

Puntualmente calquera outro horario incluído calquera día da semana poderá ser autorizado pola FGB sempre que os equipos estean de acordo.

13.- TERREO DE XOGO

Cada club participante deberá contar cun terreo de xogo dentro da Normativa de Terreos de Xogo que estea catalogado como NIVEL 1 para as competicións de 1ª división; de NIVEL 2 para as competicións de 2ª e 3ª divisións; de NIVEL 3 para as competicións Minibasket e Preminibasket. Nas competicións de 1ª División Minibasket é obrigatorio o marcador electrónico.

Nos encontros nos que participen equipos que realicen desprazamentos e en caso de suspensión do mesmo por inclemencia atmosférica ou por calquera outra causa, este deberá celebrarse, obrigatoriamente, dentro das dúas horas seguintes á marcada para o seu comezo. Así mesmo, se un club ofrece como cancha reserva do nivel que lle corresponda para casos de inclemencia atmosférica, o partido deberá disputarse dentro do prazo sinalado anteriormente. Se finalmente e por falta de previsión do equipo local tivese que suspenderse definitivamente o encontro, o equipo local perderá este sen descontárselle puntos na clasificación e sen que se considere incomparecencia.

A FGB recomenda a todos os clubs que sexan propietarios de terreos de xogo cubertos e pechados que, dentro das súas posibilidades, utilicen nos mesmos canastras de pé, así como que teñan reposto de taboleiros para o caso de rotura accidental.

Os Clubs deberán cumprir as prescricións previstas pola lexislación vixente no referente á prevención da Violencia nos Espectáculos Deportivos e serán os responsables da seguridade de xogadores/as e árbitros no que respecta ás instalacións deportivas, poñendo os medios necesarios para evitar accidentes extradeportivos no transcurso da actividade.

14.- BALÓN OFICIAL DE XOGO

O balón oficial de xogo será de coiro da marca **WILSON**. Non empregar o balón oficial levará consigo a sanción prevista no regulamento disciplinario.

TIPO BALÓN	
Masculino	Tamaño 7
Feminino	Tamaño 6
Pre-Infantil	Tamaño 6
Minibasquet e Preminibasquet	Minibasquet
3x3	3x3 Ball

15.- COMUNICACIÓN DE RESULTADOS E ACTA DO ENCONTRO

Utilizarase a “Acta Dixital”. Para isto, os equipos deberán poñer a disposición do equipo arbitral unha TABLET ou un teléfono móbil con acceso a internet.

Será preciso descargar da APP a acta dixital FGB da URL que se facilitará ao comezo da temporada.

Se non é así considerarase que non teñen os elementos técnicos necesarios para a celebración do encontro.

De non poder utilizarse a acta dixital, o árbitro principal está obrigado a introducir o resultado o mesmo día do encontro na oficina Web, así como copia da acta.

16.- GRAVACIÓN DOS ENCONTROS

Nas competicións de 1ª e 2ª División o Comité de Árbitros da FGB poderá solicitar, cun mínimo de 5 días de antelación á celebración do encontro, a copia da gravación dos partidos que poderán ser entregados en formato dixital tipo We-transfer, Dropbox ou enlace a Drive nun só arquivo, ata un máximo de TRES gravacións por temporada.

Esta filmación deberá incorporar integramente as imaxes e son do encontro, dende tres minutos antes do comezo do partido ata a retirada dos equipos e árbitros aos vestiarios, ao final do mesmo. Non obstante, é recomendable que a gravación se inicie coa chegada dos árbitros ao terreo de xogo (20 minutos antes do comezo do partido).

As imaxes e son deberán ter a calidade suficiente para que este poida ser visto de xeito correcto. En caso de non ser así, non será considerado como válido e requirirase ao club para unha nova gravación dun encontro diferente. Se esta anomalía se volve a repetir sería considerado como incumprimento das condicións indicadas neste artigo.

Será remitido ao CGAB por correo electrónico a arbitros@fegaba.com, ou ben a través das delegacións, 48 horas naturais seguinte o encontros a partir das 09.00 hrs. do primeiro día hábil despois da finalización da xornada.

Non enviar a gravación nas condicións indicadas neste artigo, suporá unha sanción por parte do Comité Disciplinario.

Recomendación

Recoméndase a todos os clubs que fagan constar no dorso da camiseta de cada xogador o seu nome en caracteres de cinco centímetros

17.- NORMAS PARA SOLICITAR A ORGANIZACIÓN DE ENCONTROS E TORNEOS AMIGABLES

A.- Os clubs adscritos á FGB precisarán autorización expresa da mesma, solicitándoa cun mínimo de 5 días de antelación.

B.- O solicitante asumirá os gastos derivados da organización do encontro. Todos aqueles torneos ou encontros non celebrados baixo estas condicións quedarán sen poderse acoller aos posibles beneficios que se puidesen outorgar para as competicións oficiais e non se designarán árbitros para eles.

C.- Para a organización de encontros e torneos coa participación de equipos estranxeiros de clubs, seleccións ou combinados que non teñan o carácter de equipo de club ou de selección e que estean formados en todo ou en parte por xogadores estranxeiros, deberán contar coa

autorización expresa da FGB. A solicitude desta autorización realizarase cunha antelación mínima de 20 días con respecto á data de celebración do encontro ou torneo, dirixida a Secretaría Xeral da FGB. No caso de non respectarse este prazo de solicitude a, FGB non, poderá tramitar o permiso internacional ao CSD, vindo polo tanto denegada a autorización do citado torneo ou encontro, coas consecuencias previstas na normativa vixente.

D.- No caso de que a Secretaría Xeral para o deporte non cubrira co seguro do Xogade os encontros ou torneos amigables o equipo ou equipos deberán ser mutualizados polo Seguro Deportivo contratado pola FGB ou ben por outro seguro que recolla as condicións do RD 849/93 . De non ser así o torneo ou encontro non será autorizado.

18.- FUSIÓN E CESIÓNS

Todas as situacións de fusións ou cesións entre clubs, reflectidas nos artigos do 20 ao 26 do Regulamento Xeral da FGB, con independencia da documentación regulamentaria, para a súa aprobación levarán consigo o pagamento dos seguintes dereitos:

- | | |
|--|----------|
| - 1ª División Sénior Masculina e Feminina | 500,00 € |
| - Ligas 1º Autonómica Feminina e 2ª División Masculina | 250,00 € |

Non se permitirán as cesións nas categorías de 1ª división júnior, cadete e infantil.

19.- ORGANIZACIÓN DE FASES FINAIS

1.- Para a organización dunha Fase Final a FGB remitirá aos clubs as condicións xerais, prazos de solicitude e datas das mesmas. Os clubs interesados na organización deberán remitir en prazo a súa solicitude no modelo oficial remitido para ese efecto.

2.- Será por conta do solicitante o abono dos custos de organización da Fase Final, que recolle os gastos operativos necesarios para a súa celebración, que incluírán en todo caso os dereitos de arbitaxe e desprazamentos dos árbitros e oficiais de mesa, así como o custo dos trofeos, medallas e recordos aos participantes, e a porcentaxe dos custes de retransmisións dos partidos que determine a FGB. Este custe será detallado na circular que

se emita para a organización da fase final de cada categoría e será cargado a través de domiciliación na conta bancaria do club solicitante.

3.- O adxudicatario da organización será responsable de poñer a disposición os balóns regulamentarios necesarios para a celebración dos encontros. Así mesmo, deberá subministrar auga aos equipos participantes e ao equipo arbitral, oficiais de mesa e persoal federativo.

4.- Se non existise solicitante ou por calquera outro motivo a organización declarácese deserta, a FGB designará un campo e os custos indicados serán prorrateados, a partes iguais, entre os devanditos equipos.

5.- A FGB encargarse de facilitar os trofeos de cada Fase Final establecendo a entrega conforme ao protocolo establecido pola mesma.

6.-En toda propaganda que se faga da actividade (folletos, carteis, etc.) deberá figurar o logotipo da FGB e logo da Xunta de Galicia.

7.- A adxudicación da organización das Fases Finais dos distintos campionatos de Galicia farase pola Presidencia, a proposta do Comité de actividades, que valorará o cumprimento dos requisitos técnicos, económicos e de aforamento esixidos en cada circular, e reflectirá na súa proposta os seguintes criterios utilizados, dando en todo caso prioridade á clasificación deportiva obtida na segunda volta utilizando os criterios establecidos no Regulamento Xeral. A proposta do Comité de Actividades será preceptiva, pero non terá carácter vinculante para a Presidencia.

8.- A Comisión Delegada queda facultada para modificar as datas das Fases Finais dos Campionatos por motivos de organización dos mesmos, por cambios nas datas da celebración de campionatos de España ou por outras cuestións de forza maior, así como no caso de que os solicite algún dos equipos participantes e a súa proposta de datas conte coa unanimidade de todos os equipos participantes.

9.-A presentación dunha solicitude fora de prazo dará lugar á non admisión da mesma. No caso de que todas as solicitudes foran recibidas fóra de prazo, a súa adxudicación será realizada de acordo cos criterios establecidos na cláusula sétima.

10.-Os horarios dos encontros serán propostos polo organizador debendo ter en conta as distancias desde as que se desprazan os equipos participantes e deberán ser aceptados pola FGB.

11.-A FGB resérvase o 50% da primeira liña de xogo para a publicidade de sponsors da mesma, sendo responsabilidade da FGB facilitar dita publicidade.

20.- SORTEOS

Todos os sorteos das 1ª Divisións que sexan realizados pola Federación Galega de Baloncesto serán retransmitidos a través das Redes Sociais da Federación.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira: Todo escrito dirixido á FGB ou calquera dos seus comités, deberá ir plenamente identificado, é dicir, deberán constar o club que o presenta así como nome, apelidos e DNI da persoa que o asine.

Segunda: Queda totalmente prohibido o emprego do nome da Federación Galega de Baloncesto, así como das súas siglas, FE.GA.BA, e logotipo. Calquera club ou entidade que desexa facer uso dos mesmos, deberá solicitalo por escrito á Presidencia da FGB, alegando as razóns do mesmo. O Presidente da FGB estimará, se procede, a cesión ou usufruto do seu nome, siglas ou logotipo.

Terceira: Naquelas competicións en que os equipos puidesen participar nalgunha fase do Campionato de España, estes terán que acatar a normativa da FEB correspondente.

Cuarta: Nas categorías Pre-Infantil e Infantil aplicárase o regulamento FIBA excepto:

- Se na disputa dun partido, un equipo supera no marcador a outro por unha diferenza de 50 puntos, o encontro darase por finalizado, sendo o resultado o que marque nese momento a acta oficial. Cos minutos restantes xogarase outro encontro a reloxo parado sen incidencias, nin na acta nin a efectos clasificatorios, coas seguintes excepcións:
 - As faltas continuarán contabilizando na acta.

- Se houberse algunha falta descualificante será levada ao Comité Disciplinario correspondente.
- O árbitro non tocará o balón nos saques de banda e fondo, excepto tras falta, substitución e tempo morto.

Nas categorías Premini e Minibasket aplicarase o regulamento minibasket e preminibasket. Se na disputa dun partido un equipo supera o marcador a outro por una diferenza de 50 puntos, o encontro darase por finalizado, sendo o resultado o que marque nese momento o acta oficial. O partido seguirase disputando pero cos minutos restantes sen parar o reloxo, salvo tempos mortos rexistrados. Na acta seguiranse anotando todas as incidencias.

Quinta: A Comisión Delegada queda facultada para interpretar e coordinar tanto estas bases xerais como as bases específicas de cada competición en superior interese do baloncesto, e das propias competicións, unha vez escoitadas as partes interesadas. Así mesmo, a Comisión Delegada da FGB queda facultada corrixir en calquera momento erros das bases específicas que resulten evidentes por ter unha redacción que contradiga o disposto nas bases xerais, regulamento xeral ou demais normativa que resulte de aplicación ou que sen contradicir ningunha norma se considere que é un erro material evidente a manifesto..

Sexta: Nas competicións nas que nalgunha das fases se xogue un Play-Off a dous encontros o derradeiro encontro sempre se xogarán na cada do mellor clasificado da liga regular.

Sétima: En todos os encontros se aplicarán as regras oficiais de xogo aprobadas pola FIBA e editadas pola FEB, coas modificacións que establecen os regulamentos. Así mesmo, aplicarase o saque rápido, salvo oposición expresa da FEB.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira.- Para facilitar a integración dos nenos/nenas, a Secretaría Xeral da Federación Galega de Baloncesto poderá autorizar a aliñación de xogadores que teñan discapacidade física ou psíquica nunha categoría inferior á da súa idade, previa solicitude e presentación da documentación pertinente. Este suposto unicamente se dará nas categorías Júnior, Cadete, Infantil e Minibásquet.

Segunda.- En todas as categorías dende Infantil a 3ª división Sénior Masculina, así como nas 1ª Divisións júnior, cadete, infantil, 1ª e 2ª División Masculina, 1ª autonómica Feminina e 2ª Feminina, utilizarase a “Acta Dixital”.

Para isto, os equipos deberán poñer a disposición do equipo arbitral unha TABLET ou un teléfono móbil con acceso a internet.

Será preciso descargar da APP a acta dixital FGB da URL que se facilitará o comezo da temporada.